ESPAZO LECTURA

Un proxecto global de fomento do libro e da lectura en lingua galega

LECTURAS DA GRAMPA

Espazo Lectura
espazolectura@gmail.com
www.espazolectura.gal

1. INTRODUCIÓN

A comarca galega do Val Miñor, formada polos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, cunha poboación aproximada de 44.000 habitantes, acolle o nacemento e consolidación dun proxecto singular de fomento da lectura promovido por Espazo Lectura, unha asociación que se constituíu formalmente en xaneiro de 2008 na vila de Gondomar co obxectivo de desenvolver actividades de promoción do libro e da lectura arredor de tres piares fundamentais: a sensibilización, a dinamización e a formación. Trece anos despois, Espazo Lectura mantén no Val Miñor un programa que, ademais doutras iniciativas puntuais, se fundamenta nas propostas continuadas de periodicidade fixa; unha programación estable, de asistencia libre e gratuíta, que inclúe arredor de cen actividades cada ano, tanto para público infantil como adulto, que é posible grazas ao traballo entusiasta e rigoroso dun amplo equipo humano de voluntariado da lectura: 30 persoas que coordinan clubs de lectura, organizan sesións de dinamización lectora na *Casa da Lectura* (a sede da asociación) e noutros lugares da comarca, preparan actividades de formación, elaboran guías de lectura, deseñan materiais e moitas outras tarefas que fan posible un proxecto que amosa que se pode vivir a lectura como algo individual e silencioso pero tamén como unha actividade para socializar e compartir.

2. ACTIVIDADES

Contomar: historia dunha semente

O xerme deste proxecto encóntrase nunha actividade que un grupo de persoas comezou a realizar na Biblioteca Municipal de Gondomar en febreiro de 2006, á que denominou *Contomar*: un contacon-

tos semanal para nenos e nenas a partir de tres anos. A Biblioteca Municipal de Gondomar non tiña naquel momento ningunha actividade de dinamización, nin infantil nin para adultos, e *Contomar* conseguiu encher de familias e de vida aquel espazo que comezou a converterse en punto de encontro cos libros e a lectura.

Cada luns, ás 18:00 horas, unha media de corenta nenos e nenas asisten durante unha hora a unha sesión de contos na que son os propios pais e nais os que contan historias, empregando sempre o libro como referente. O que *Contomar* busca é achegar as persoas ao libro e á lectura; axudar a romper a barreira que supón para moitas persoas acercarse a un libro e a unha biblioteca.

Nestes anos, o *Contomar* foi arroupando o carácter afectivo da lectura coa incorporación de novas nais e pais, e foi fortalecendo a complicidade e fidelidade das nenas e nenos. Ademais das sesións habituais nas que son as nais e os pais os contadores, procúrase complementar o proxecto con encontros con autores e autoras e sesións especiais, tanto de contadores e contadoras profesionais como de compañías de teatro ou grupos de música que desenvolven o seu traballo a partir de contos infantís, nun esforzo por establecer un diálogo entre a literatura e outras artes e expresións culturais.

Ademais, cóntase coa colaboración dos centros de ensino da comarca, que son socios protectores da asociación, que preparan para o *Contomar* fantásticas sesións especiais dirixidas por algúns dos seus profesores e profesoras.

Os clubs de lectura: espazos para conversar

Aquela semente inicial xerminou e creceu arredor dun grupo de persoas preocupadas pola lectura como actividade de ocio, como medio para socializar e compartir afectos, pero tamén como camiño para mellorar o nivel cultural e a calidade de vida. A finais do ano 2007 esa reflexión fai que se dean os primeiros pasos para a creación de espazos estables de conversación arredor do libro e a lectura tamén para o público adulto. Así, constitúese formalmente *Espazo Lectura* e comeza a xestarse unha proposta de actividades diversificadas na que os clubs de lectura van ter un protagonismo especial baixo unha fórmula común. *Espazo Lectura* pon en funcionamento catro clubs de lectura: club de lectura compartida *Lendo contigo* (para nais e pais e nenas e nenos de 7 a 11 anos), club *Sete vidas* (de narrativa), club *Lecturas debuxadas* (especializado en cómic) e club de *Formación lectora* (que xira en torno a libros relacionados co fomento da lectura).

- ***Club de lectura compartida Lendo contigo***

Dende decembro de 2007 funciona o club de lectura compartida *Lendo contigo*, dirixido a familias con nenos de 7 a 11 anos. Cada mes proponse un libro para que os pais e as nais lean na casa cos seus fillos ou fillas. Insístese en que a lectura debe ser acompañada, en familia. O último sábado do mes, a Biblioteca Municipal, a *Casa da Lectura* ou lugares significativos en sesións especiais, teñen servido e serven para conversar sobre o libro proposto e manter un encontro co seu autor ou autora. As familias reciben unha pequena guía de lectura, de elaboración propia, na que se propoñen preguntas, buscas de información e xogos que permitan unha mellor comprensión e aproveitamento da lectura. Ademais, os participantes dispoñen dun pasaporte lector no que se van poñendo selos que deixan constancia das diferentes etapas da súa viaxe por cada libro.

Dende a sesión inaugural, da man do escritor Agustín Fernández Paz e o seu libro *Un tren cargado de misterios*, foron moitos os autores e autoras que pasaron polas sesións de *Lendo contigo*: Manuel Rivas, Ledicia Costas, Miguel Vázquez Freire, Antonio García Teijeiro, Fina Casalderrey, Cándido Pazó, Xavier López Rodríguez, Paula Carballeira, María Reimóndez, Concha Blanco, Ana Mª Fernández, Gloria Sánchez, Xabier P. Docampo, Susana Lamela, Xerado Quintiá, Elvira Riveiro, Xosé A. Neira Cruz, Antón Cortizas, Jacobo Fernández, Xosé Lois Vilar, Pepe Carreiro, Manuel Janeiro, Xelís de Toro, Roberto Salgueiro, Marica Campo, Fausto Isorna, Silvestre Gómez Xurxo, María Solar, Diego Rey, Ramón Caride Ogando, Daniel Ameixeiro, Francisco Castro, X.H. Rivadulla Corcón, Xoán Babarro, Antonio Yáñez, Érica Esmorís, Carlos Freire, Sabela Núñez Singala, Antonio Manuel Fraga, Beatriz Maceda Abeleira, Raquel Castro, Héctor Cajaraville, Charo Pita, Xerardo Neira, Talía Teatro, Antía Yáñez, Manel Cráneo, Anxo Fariña, Manrique Hernández, Fran Alonso, Xosé Ballesteros, Rosa Aneiros... Con este club de lectura preténdese fomentar a lectura como actividade compartida dentro do ámbito familiar e estimular o hábito da lectura crítica na infancia, favorecer o achegamento aos autores e ás autoras, así como a conversación arredor da lectura.

- ***Clubs Sete vidas e Lecturas debuxadas***

Ao lado das propostas estables dirixidas ao público infantil, a finais do ano 2008 xurdiron outras específicas para os adultos: dous clubs de lectura de periodicidade mensual que se levan a cabo na *Casa da Lectura*, librarías ou cafeterías do Val Miñor. O primeiro xoves de cada mes teñen lugar as

sesións do club *Sete vidas*, dedicado á narrativa, e o terceiro martes reúnese o club *Lecturas debuxadas*, especializado en cómic.

O club *Sete vidas* propón cada mes a lectura dun texto narrativo, fundamentalmente de literatura galega, malia que tamén son obxecto de lectura e debate traducións doutras linguas ao galego. As sesións de debate sobre o libro proposto compleméntanse, a maior parte das veces, cun encontro co autor ou autora, coa persoa que o traduciu, e incluso con responsables das editoriais que os publicaron. A maioría das veces, os coordinadores deste club completan o tratamento do libro obxecto de lectura con artigos periodísticos, vídeos, películas, asistencia a algunha montaxe teatral ou organización ou participación nalgunha ruta literaria relacionada co texto proposto. Nestes últimos anos, por exemplo, mantivéronse encontros con Pedro Feijoo, Dolores Redondo, Miguel Anxo Murado, Gonzalo Navaza, Xurxo Borrazás, Rosa Aneiros, Begoña Caamaño, Pilar Buela, Manuel Portas, Alberto Lema, Xosé Cid Cabido, An Alfaya, José Luís Prieto, Santiago Lopo, Xulia Alonso, Agustín Fernández Paz, Miguel Anxo Fernández, Víctor Freixanes, Antón Riveiro Coello, María Xosé Queizán, Manuel Janeiro, Héctor Cajaraville, Marcos Calveiro, Álex Alonso, Manuel Esteban, Xabier Quiroga, Inma López Silva, Emma Pedreira, Antía Yáñez, Francisco Coímbra, Daniel Asorey, Rosalía Fernández Rial, Susana Sánchez Arins, Xosé Manuel Vega, Eduard Velasco, Ledicia Costas, Ana Cabaleiro, Xesús Ron...; así como con tradutores e tradutoras como Xoán Abeleira, Mona Imai, Susana Losada, Isabel García Fernández, Isabel Soto, Marta Dahlgren, Celia Recarey, Tuula Ahola, Patricia Buxán...; ou editores como Alejandro Tobar, Andrea Jamardo, David Cortizo, Celia Recarey, Carlos Valdés, Moisés Barcia...

O club *Lecturas debuxadas* funciona cunha fórmula similar ao *Sete vidas*: cada mes proponse a lectura dun cómic e as persoas que o desexen reúnense o terceiro martes de cada mes para conversar sobre esa lectura, tanto no relacionado cos contidos como coa parte gráfica. Estas reunións tamén se complementan, cando é posible, coa presenza de autores e ilustradores como Jacobo Fernández, Kiko da Silva, David Rubín, Manel Cráneo, Ramón e José Manuel Trigo, Dani Montero, Brais Rodríguez, Alfredo López *Tokio*, Xaquín Marín, Fernando Llorente, Pablo Prado, Fernando Llor, Miguel Porto, Bea Lema, Coral, Oliver Añón... Isto tamén permite ir ampliando os coñecementos sobre o presente do mundo da banda deseñada en Galicia.

- ***Club de formación lectora***

Dependente da Oficina de Formación, o *Club de formación lectora* leva a cabo sesións sobre libros especializados no ámbito da lectura, a animación lectora ou calquera outro tema directamente relacionado co mundo do libro (estratexias de fomento da lectura, librarías, bibliotecas, edición, talleres de lectura, etc.) co obxectivo de debater, reflexionar e aproveitar esas lecturas para mellorar a eficacia do traballo que se realiza dende a asociación. Esta iniciativa está pensada para garantir a formación continua, a reciclaxe e a posta ao día daquelas persoas relacionadas con *Espazo Lectura* ou que traballan ou colaboran con ela. Foron obxecto de estudo e debate neste club libros como *La magia de leer,* de José Antonio Marina; *Como unha novela*, de Daniel Pennac; *El rumor de la lectura*, do Equipo Peonza; *Los demasiados libros*, de Gabriel Zaid; *Tras las líneas*, de Daniel Cassany; *Atravesar o espello*, de Xavier Seoane; *Metamorfosis de la lectura*, de Román Gubern; ou *10 ideas clave de animación a la lectura*, de Juan Mata. Na actualidade este club atópase inactivo.

- ***Club de lectura Daquelas que len***

No mes de outubro de 2018 *Espazo Lectura* creou un novo club centrado na lectura e comentario de obras de diferentes xéneros dende un punto de vista feminista. O nome escollido foi *Daquelas que Len*, en homenaxe aos coñecidos versos de Rosalía de Castro «*Daquelas que cantan as pombas i as frores / todos din que teñen alma de muller./ Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma, / ¡ai!, ¿de qué a teréi?*».

Esta actividade non ten periodicidade fixa e realízase en diversas zonas de Gondomar. Teñen participado no club autoras como Anaír Rodríguez, Montse Fajardo, Chis Oliveira e Amada Traba, Marga Tojo, Rocío Leira, Xiana do Teixeiro, co seu documental *Tódalas mulleres que coñezo*, a tradutora María Alonso Seisdedos...

Casa da Lectura

A *Casa da Lectura* é a sede da asociación e unha experiencia singular, unha biblioteca e un centro de dinamización arredor do libro e a lectura no ámbito rural. Foi inaugurada en maio do 2009 grazas a un acordo de *Espazo Lectura* co CEIP Souto-Donas, co Concello de Gondomar e coa Consellería de

Cultura da Xunta de Galicia. Situada na antiga escola de educación infantil de Donas, acolle todos os mércores sesións semanais de dinamización desenvoltas por un variado equipo de persoas que, partindo sempre da lectura de dous ou tres libros, fan propostas relacionadas con outras áreas de expresión e con diferentes aprendizaxes.

Coa colaboración dos centros de ensino da comarca que son socios protectores, tamén teñen lugar na *Casa da Lectura* sesións especiais dirixidas por algúns dos seus profesores e profesoras.

Ademais, grazas ao acordo establecido por *Espazo Lectura* coas dezaseis editoriais que son socias protectoras da asociación, a *Casa da Lectura* acolle tamén unha actualizada biblioteca que lles ofrece servizo de préstamo ás familias que participan nas sesións de dinamización dos mércores e, en xeral, a todas as persoas que desexen achegarse até alí. Grazas ás editoriais mencionadas anteriormente, na actualidade a *Casa da Lectura* conta con aproximadamente 3000 volumes. No ano 2011 *Espazo Lectura* acometeu a catalogación destes fondos a través do programa MEIGA de xestión de bibliotecas, co que está integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia da Xunta de Galicia. Pódense consultar todos os seus fondos en liña.

Espazo Lectura, coa colaboración do Concello de Gondomar e a través dun estudo de arquitectos, está traballando no desenvolvemento do *Museo do Conto*, que suporía a transformación e ampliación de espazos e usos da actual *Casa da Lectura*.

Comando Le

Comando Le é un grupo de activismo cultural dirixido a adolescentes de máis de 12 anos que se constituíu dentro de *Espazo Lectura* en outubro de 2012. As súas reunións teñen lugar habitualmente na *Casa da Lectura* o último sábado de cada mes, de 20:00h a 00:00h, cunha pausa para a cea compartida. Dentro da programación de *Comando Le* pódense atopar sesións de debate sobre libros ou películas, obradoiros, xogos, charlas-coloquio, excursións e espectáculos poéticos, musicais ou teatrais.

Dende que *Comando Le* botou a andar cun magosto literario sobre os dereitos humanos, foron moitas as actividades nas que puideron participar os *comandoleiros* e *comandoleiras*, algunhas delas coa presenza de persoas que, polo seu traballo ou polas súas experiencias, podían complementar e enriquecer as propostas propias e permitir un coñecemento máis achegado a temas como a discapa-

cidade, con Javier Pitillas e o proxecto Discamino; a relación entre literatura e cine; entre o cerebro e a lectura, con Xurxo Mariño; a creación de videopoemas, con Paz Gonzalo; a creación literaria, con Elvira Riveiro, Antía Otero ou Carlos Negro; proxectos de encadernación e publicación solidaria de libros, con Astromántica Cartoneira; a transexualidade, con Eva Mejuto e Marcos Ceive; a cooperación internacional, con María Reimóndez; o teatro e a expresión corporal, con Eva Vila, da Escola Municipal de Teatro de Vigo. Polas sesións de *Comando Le* tamén pasaron autores e autoras como Ledicia Costas, Fran Alonso, Iolanda Zúñiga, Raquel Queizás, María Lado e Lucía Aldao, Anémona de Río, Iria Misa, Paula Carballeira, Juan Casto Rivadulla...

Ademais, a programación de *Comando Le* adoita pecharse con saídas que permiten realizar rutas literarias, coñecer museos de diverso tipo e outros lugares de interese cultural.

Comando Le pretende ser tamén un viveiro de voluntarios e voluntarias que colaboren na medida do posible coa asociación. Así, preparan sesións dos mércores na *Casa da Lectura* para os máis pequenos, participan como contadores no *Contomar* ou colaboran na organización e realización da *Noite na Biblioteca*.

Contos en Cueiros

Nacida en 2012, *Contos en Cueiros* é unha actividade dirixida a bebés de 0 a 3 anos e ás súas nais e pais que pretende crear un espazo de encontro no que as cancións, os contos e os xogos son o xeito de achegar os máis pequenos á lectura. As sesións teñen lugar os últimos venres de cada mes pola tarde na *Casa da Lectura*. Esta é a única actividade da asociación que ten inscrición previa debido á necesidade de espazo que precisan os bebés.

Este club ofrece diversidade de iniciativas aos asistentes: charlas sobre a importancia de iniciar na lectura dende o nacemento, destinadas a nais e pais, contacontos onde a estimulación sensorial e a experimentación teñen un peso específico, teatro, música, e o préstamo de mochilas con lecturas que as familias poden descubrir na casa. Teñen participado contadores e músicos como Guillerme Fernández e Xabier Díaz, con *Arrolos de Salitre*, Raquel Queizás, Cé Orquestra Pantasma, A banda dos Cueiros…

A Banda dos Cueiros

A Banda dos Cueiros é un grupo de música infantil que naceu no seo de *Contos en Cueiros* en xaneiro do 2013, como un complemento musical ás sesións para bebés. Pouco a pouco foi abrindo un espazo diferenciado para achegar nanas, cancións tradicionais infantís galegas e doutras culturas e pezas de creación propia relacionadas co mundo da lectura a nenos e nenas doutros concellos galegos. En xuño do 2017 editou o seu primeiro libro-CD, *A Banda dos Cueiros*, composto por quince cancións.

Oficina de formación e publicacións

Un dos piares fundamentais do traballo de *Espazo Lectura* é a formación, tanto para as persoas que colaboran activamente na organización das actividades como para os asistentes. O labor de formación é moi diverso e inclúe visitas a bibliotecas e a espazos e actividades que permiten mellorar os coñecementos arredor do libro e a lectura, charlas e conferencias, a organización de xornadas e tamén a creación do *Club de formación lectora*, do que falamos anteriormente.

Espazo Lectura mantén ademais unha liña de publicacións que conta, por un lado, con edicións singulares como o libro *Os ollos do Contomar*, que recolle as fotografías de Manuel G. Vicente sobre *Contomar* acompañadas de textos sobre a lectura, e, por outro, unha colección de pequeno formato chamada *Lecturas da grampa* que recolle propostas diversas (recomendacións de lecturas, consellos e orientacións para fomentar a lectura no ámbito familiar, información sobre as actividades...).

Outras actividades

Ademais destas actividades estables de periodicidade semanal ou mensual, a programación de *Espazo Lectura* conta con propostas de carácter anual ou puntual como talleres de ilustración para público infantil, nos que participaron ilustradores como Chus Ferrín, Óscar Villán, Fino Lorenzo ou Kiko da Silva; talleres de escritura para adultos, como o impartido polo poeta Carlos Negro; sesións de contacontos dirixidas aos centros de ensino da zona; as *Noites golfas*, espectáculos interdisciplinarios que relacionan a lectura coa música, o teatro ou a *performance*; e outras accións lectoras como a iniciativa *Bookcrossing* no Val Miñor (desenvolta no ano 2008 en colaboración cos tres concellos da comarca); as

xornadas *Lendo en familia* (que tiveron lugar no ano 2009 e que contaron coa presenza de autoridades no eido do fomento da lectura, como a asesora de bibliotecas escolares de Galicia Cristina Novoa, a actriz e escritora Paula Carballeira e as profesoras universitarias Dolores Vilavedra e María do Cebreiro); a campaña *Onde hai libros hai futuro* (desenvolta no ano 2010 nos centros de ensinanza primaria da zona); a *Sentada Lectora* (que tivo lugar en abril do 2012 na alameda de Gondomar e que obtivo un notable éxito *in situ* e da que se fixeron eco os medios de comunicación de Galicia); o *Asalto Poético* polas rúas e establecementos da zona; a actividade de dinamización con contacontos para os maiores do Centro de Día de Baiona; *As viaxes de Panchito*, contacontos musicado coa Agrupación Musical de Vincios; ou a *Campaña por unha Biblioteca Digna*, para contribuír a converter a anticuada biblioteca municipal noutra máis moderna e adaptada ás demandas da sociedade actual: un servizo público imprescindible que ten o deber de actuar como auténtico motor de dinamización cultural e como elemento compensador das desigualdades sociais.

Dentro deste apartado debemos destacar tres actividades que se organizan todos os anos dende 2008: *Dar de ler coma quen dá de beber*, *A Noite na Biblioteca* e *A fogueira dos versos.*

- ***Dar de ler coma quen dá de beber*** consiste nunha sesión de lecturas compartidas en voz alta que se convoca cada ano en torno ao Día do Libro. Durante aproximadamente dúas horas, distintas persoas len fragmentos de libros da súa elección co obxectivo de compartir as súas lecturas favoritas e recomendarllas aos asistentes. A primeira edición tivo lugar na biblioteca municipal, pero dende entón *Dar de ler...* tense levado a cabo en distintos espazos como a Praza de Abastos de Gondomar e diferentes locais de hostalería dos concellos de Gondomar e Baiona, co obxectivo de chegar a un público o máis amplo e variado posible.
- A ***Noite na Biblioteca*** é unha das actividades máis esperadas de *Espazo Lectura*. Todos os anos, o remate das actividades infantís celébrase con esta iniciativa, que permite que trinta nenas e nenos queden a durmir na biblioteca municipal ou nun centro escolar da zona e poidan participar nun amplo programa.

  Inicialmente a actividade dividíase en dúas partes: a primeira parte comezaba pola tarde, nas prazas que rodean a biblioteca municipal, e estaba aberta a todas as persoas que quixeran achegarse aos contacontos, os obradoiros ou os concertos. Na segunda parte xa só participaban os trinta nenos

e nenas inscritos que, tras cear no propio lugar, participaban en actividades como xogos de pistas, teatro ou lecturas compartidas antes de meterse nos seus sacos de durmir. Nas últimas edicións suprimiuse a primeira parte e pasou a estar dirixida unicamente aos rapaces e rapazas inscritos, cunha duración máis breve: desde última hora da tarde ata a mañá seguinte, con almorzo compartido incluído.

Dende 2017 xurdiron algunhas dificultades que nos obrigaron a cambiar o lugar no que se facía. Na actualidade, a *Noite na Biblioteca* ten lugar na biblioteca dalgún dos centros de ensino que son socios protectores da asociación mantendo o mesmo espírito, a mesma ilusión e suscitando as mesmas expectativas entre os nenos e nenas que participan.

- Por último, a noite do 23 de xuño celébrase todos os anos o peche da tempada de actividades coa festiva ***A fogueira dos versos***, que enche o recinto da *Casa da Lectura* de poesía, música, contos e petiscos compartidos arredor da tradicional fogueira da noite de San Xoán.

Espazo Lectura fai unha avaliación positiva do desenvolvemento e da resposta da poboación ante as actividades, así como do recoñecemento e da proxección do traballo que realiza. É significativo que se conseguise consolidar en Gondomar un programa con 12 actividades mensuais estables, cunha vontade clara de continuidade e hábito, e coa implicación do Concello de Gondomar e dos centros de ensino da zona. É destacable que se conseguise a colaboración coa asociación da maioría das editoras galegas e manter un volume importante de encontros con autores, sesións de teatro, contacontos e sesións de dinamización lectora moi diversas que están achegando a este municipio do sur de Galicia un considerable número de persoas relacionadas co ámbito do libro e a lectura.

3. REDES SOCIAIS E DIFUSIÓN

Para divulgar todas estas actividades e toda aquela información de interese relacionada coa lectura e a cultura que se considere, *Espazo Lectura* está presente nas principais redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram e Youtube) e na web propia *www.espazolectura.gal*, que se manteñen constantemente actualizadas grazas ao traballo do equipo de Comunicación. Ademais pódense atopar galerías de imaxes das diferentes actividades na conta da asociación en Flickr.

4. PREMIOS, RECOÑECEMENTOS E DIFUSIÓN DO PROXECTO

Espazo Lectura recibiu o recoñecemento de varios premios que supuxeron un importante revulsivo para o proxecto e a súa repercusión dentro e fóra de Galicia: o 2º *Premio de Dinamización Sociocultural Everest*, convocado para proxectos desenvoltos en todo o estado español; o *Premio Irmandade do Libro da Federación de Libros de Galicia*, na modalidade de fomento da lectura; o *Premio Fernández del Riego a la difusión en el ámbito editorial y cultural*, concedido no 2010 pola Asociación Galega de Editores; e o *Premio a la Mejor Iniciativa Cultural o de Fomento de la Lectura 2016* na Primeira Gala do Libro Galego que conceden conxuntamente a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editoras e a Federación de Librarías de Galicia.

Froito da experiencia acumulada ao longo de todos estes anos, *Espazo Lectura* foi invitada a presentar o seu proxecto en distintos foros e encontros, como a Biblioteca Almeida Garret de Oporto; a Biblioteca Municipal de Oporto; as *V Jornadas de Dinamización Sociocultural de la editorial Everest*, que tiveron lugar en León en xuño do 2010; as xornadas *Pequeños lectores, grandes mundos*, organizadas por Ibaizábal e Alhóndiga-Bilbao, que se levaron a cabo en Bilbao en outubro do 2010; as *V Jornadas Aragonesas de Bibliotecas, Lectura y Escritura*, que tiveron lugar en Ballobar en abril do 2011; o *XVIII* e *XIX Salón do Libro infantil e xuvenil*, levadas a cabo en Pontevedra no 2017 e 2018; e as *Xornadas de Literatura Infantil e Xuvenil e Animación á Lectura*, que tiveron lugar na Facultade de Ciencias da Educación na Universidade da Coruña en 2017; a *Escola de lectura para familias curiosas* do Salón do Libro de Pontevedra en 2019; ademais de numerosos simposios e xornadas en diferentes cidades e vilas de Galicia.

5. ASPECTOS SALIENTABLES

Os aspectos que consideramos máis salientables do proxecto son os seguintes:

- A consolidación dun equipo humano de voluntariado, con ganas de formarse, aprender e desenvolver o traballo cun elevado nivel de esixencia. Este equipo está constituído por trinta persoas que coordinan clubs de lectura, organizan actividades infantís e xuvenís e actividades de formación, deseñan

campañas e materiais e preparan sesións de dinamización lectora na *Casa da Lectura*. Son persoas con perfís profesionais moi diversos, en moitos casos sen ningunha vinculación co mundo do libro, que foron capaces de integrarse de forma activa neste proxecto achegando moita ilusión e traballo.

- A difusión da lectura como elemento dinamizador nas relacións familiares. Son moitas as familias que comentan que, dende que participan nas actividades, falan de libros cos seus fillos, comparten máis momentos de lectura e descubriron unha canle de comunicación na que os contos e a lectura teñen un papel fundamental. Ademais, para as nenas e nenos é motivo de orgullo que a súa nai ou o seu pai conte contos na biblioteca para todos os demais, co que se reforza a afectividade e a relación a través da lectura.
- A formación das nais e pais no ámbito da literatura, sobre todo da literatura infantil en lingua galega e, en xeral, en todo o relacionado co fomento da lectura. Un dos obxectivos das actividades é servir de guía e orientación aos asistentes á hora de seleccionar as súas lecturas, acudir ás librarías e bibliotecas, coñecer a obra de determinados autores ou recoñecer editoriais e coleccións. Tanto *Contomar* como as actividades que se realizan na *Casa da Lectura* constitúen un referente para as nenas e os nenos e para as nais e os pais que os acompañan, proporcionándolles un amplo abano de posibilidades á hora de escoller as súas lecturas, con recomendacións variadas e de calidade.
- A consolidación dunha programación estable en Gondomar pola que pasaron máis de oitenta autores, tradutores e ilustradores e máis de trinta espectáculos de contacontos, música e teatro. Nese sentido Gondomar converteuse nun punto de referencia en Galicia cunha oferta regular e continuada no ámbito do libro e a lectura.
- Ademais dos socios ordinarios, que son fundamentais para o fortalecemento da asociación, os estatutos de *Espazo Lectura* contemplan a posibilidade de nomear socios/as protectores/as que serían, segundo a súa definición estatutaria, «aquelas persoas físicas ou xurídicas que, a xuízo da Xunta Directiva, contribúan materialmente e de forma notable ao sostemento da asociación».
- *Espazo Lectura* traballa dende os seus inicios incentivando a participación e implicación conxunta da escola e a familia na promoción da lectura e dos libros, colaborando activamente cos centros de ensinanza do Val Miñor, nos que se imparten charlas e se realizan contacontos. Ademais, a través deles difúndese a información sobre as actividades, procurando a concienciación e implicación das familias na importancia da lectura como *investimento* educativo. Así, son os socios protectores de Espazo Lec-

tura os seguintes centros de ensinanza da comarca do Val Miñor: CRA Antía Cal (Gondomar), CEIP Souto-Donas (Gondomar), CEP Neira Vilas (Gondomar), CEIP Chano Piñeiro (Gondomar), CEIP Serra Vincios (Gondomar), CEIP de Belesar (Baiona), CEIP Humberto Juanes (Nigrán), CEP da Cruz (Nigrán), CPI Cova Terreña (Baiona), CEIP Carlos Casares (Nigrán), EEI As Dunas de Panxón (Nigrán), CEP Sabarís (Baiona), IES Auga da Laxe (Gondomar), IES Terra de Turonio (Gondomar), IES Escolas ProVal (Nigrán), EEI O Areal (Baiona) e CPI de Panxón (Nigrán).

Mediante un acordo de colaboración, uníronse dezaseis editoriais ao proxecto de *Espazo Lectura* como socias protectoras: Alvarellos Editora, Baía Edicións, Cuarto de Inverno, Edicións do Cumio, Edicións Xerais de Galicia, Editorial Galaxia, El Patito Editorial, Hugin e Munin, Ir Indo, Kalandraka, OQO Editora, Patas de Peixe, Rinoceronte Editora, Rodeira-Edebé, Urco Editora e Irmás Cartoné.

Tamén son socias protectoras as compañías de teatro Berrobambán Teatro e Vichelocrego Teatro e a libraría Libraida de Gondomar.

- A dinamización da Biblioteca municipal. As actividades de *Espazo Lectura* contribuíron, sen dúbida, a aumentar o número de usuarios da Biblioteca municipal entre 2006 e 2017, dotándoa dun programa de dinamización estable e converténdoa nun espazo social vivo que favorece o encontro cos libros e a lectura.

  En 2018 Espazo Lectura deixou de estar presente na Biblioteca municipal posto que non reunía as condicións mínimas necesarias para desenvolver a súa actividade. A asociación seguiu reivindicando unha biblioteca digna para Gondomar, cunhas instalacións adecuadas, persoal formado e unha programación que a dote da actividade que non posúe. Desde 2020 Espazo Lectura colabora co Concello de Gondomar asesorando e aconsellando no proceso de mellora e remodelación da Biblioteca municipal.

- Un dos maiores logros e satisfaccións para os responsables da asociación é converter en lectoras numerosas persoas que non estaban familiarizadas co mundo da lectura. O traballo de *Espazo Lectura* diríxese moi especialmente a sensibilizar e conseguir que persoas non lectoras descubran o gozo da lectura. A experiencia dalgúns dos participantes nas actividades indica que o resultado é altamente positivo. De feito, os lemas dalgunhas das campañas de sensibilización e fomento da lectura baséanse precisamente nesta idea: *Ler cámbiache a vida* ou *Únete á rebelión da lectura*.

6. ESPAZO LECTURA FRONTE AO DESAFÍO DA PANDEMIA DE COVID-19

O comezo da corentena en marzo de 2020 supuxo a cancelación de todas as actividades presenciais, pero o equipo de *Espazo Lectura* non se paralizou en ningún momento, adaptando, na medida do posible, as actividades ao formato virtual. Contacontos, clubs de lectura por videoconferencia, os *Letubers* (recomendacións lectoras da man dos rapaces e rapazas do *Lendo Contigo*), *Dar de Ler* virtual...

A planificación da tempada 2020-2021 adaptouse á situación sanitaria e ás distintas restricións: diminuíu a frecuencia dos encontros infantís; trasladáronse as actividades a espazos cedidos polo Concello de Gondomar que permitisen manter a distancia de seguridade; controláronse os aforos; e pasouse a formato virtual ou canceláronse as actividades sempre que as circunstancias o aconsellaron.

7. UN PROXECTO DE FUTURO: O MUSEO DO CONTO

No que respecta ao futuro, un dos plans que máis ilusionan aos socios e socias de *Espazo Lectura* é a posta en marcha dun proxecto denominado *Museo do Conto*, unha iniciativa para crear un centro do libro e a lectura. Estaría constituído por un grande espazo polivalente de dinamización lectora, que contaría cun museo, situado na vella casa da mestra da escola infantil de Donas, e integraría a actual *Casa da Lectura* xunto con novas edificacións, así como un xardín dedicado aos libros. Trátase dun proxecto pioneiro no Val Miñor e en Galicia. Elaborados xa os planos do proxecto, en colaboración co concello de Gondomar, na actualidade o seu desenvolvemento está en fase de busca de financiamento.

Para todo o equipo humano que forma parte do proxecto de *Espazo Lectura* resulta gratificante participar nunha iniciativa colectiva coma esta, que constitúe un reto que collemos con ilusión e todo un desafío para o futuro, que busca consolidar e ampliar a oferta de actividades para seguir achegando os libros e a lectura á sociedade e para conseguir cidadáns e cidadás que fagan da lectura unha ferramenta de crecemento e mellora social.

Espazo Lectura

espazolectura@gmail.com
www.espazolectura.gal

Apdo. de correos 50
36380 Gondomar